

ASUNTO: Alegacións ao PARQUE EÓLICO BORREIRO, expediente IN408A 2019/63

Don/Dona _____ con DNI. Nº _____,
 con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio
 de _____, provincia de _____.

EXPÓN:

Á vista da RESOLUCIÓN do 13 de setembro de 2022, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do **parque eólico Borreiro**, situado nos concellos da Estrada, Forcarei e Cerdedo-Cotobade, provincia de Pontevedra (IN408A 2019/63). DOG Núm. 196, de 14 de outubro de 2022., por medio do presente escrito realízanse as seguintes **ALEGACIONES:**

1. O proxecto desenvólvese nunha **zona de importancia para avifauna e quiroptero fauna protexida**, atopándose rodeado de espazos protexidos da Rede Natura 2000 e **situándose nos mapas de sensibilidade ambiental elaborados polo MITECO para proxectos eólicos nunha zona de moi alta sensibilidade**. Así pois, analizado o EIA non é posible descartar que o proxecto de forma individual e en combinación cos outros proxectos eólicos non producirá impactos significativos sobre a avifauna e os quiropteros da zona, dado o alto risco de colisión e electrocución, e por tanto tampouco que non causará prexuízo á integridade da Rede Natura 2000, así como unha importante fragmentación do territorio. Polo tanto, conséntase a posibilidade de impactos negativos significativos sobre o medio ambiente para os que non se presenta garantía suficiente da súa adecuada prevención, corrección ou compensación. Ó respecto, **considérese a SENTENCIA: 00311/2020, de 11 de decembro de 2020 del TSXG (PROCEDIMIENTO ORDINARIO nº 0007342 /2019)**.
2. **O proxecto presenta graves afeccións á rede hídrica e aos recursos hidrolóxicos:** non se recollen todas as captacións de auga presentes, atravésanse zonas de servidume e de policía de cauces, varias infraestruturas sitúanse sobre “zona de captación das zonas sensibles” que non se reflexa nin se avalía; ausencia dun estudo hidroxeolóxico que garanta a non afección a unha zona de acuíferos que abastecen a todas as aldeas dos arredores. Téñase en conta a **Directiva Marco da Auga**.
3. O PE Borreiro está proxectado **sobre solo afectado por incendio forestal (2005 e 2018), obviado no EIA e incumprindo por tanto o establecido no art. 59 da Lei 7/2012 de Montes de Galicia, e en todos caso o establecido na Lei 21/2015, do 20 de xullo**, segundo a cal calquera modificación de uso tras o incendio forestal unicamente se establece nos supostos de concorrencia de razóns imperiosas de interese público de primeira orde que deben ser apreciadas mediante Lei, e sempre que se adopten medidas compensatorias que permitan a recuperación dunha superficie forestal equivalente á queimada.
4. **Prodúcese unha fragmentación fraudulenta dun único proxecto eólico promovido por Naturgy Renovables, S.L.U.**, xa que a devandita promotora divide a tramitación en tres parques eólicos moi próximos entre si e que comparten a Subestación Transformadora e a Liña de Evacuación á REE. Trátase **do P.E. Campo das Rosas (IN408A 2017/05) , P.E. Portovidros (IN408A 2017/14) e o P.E. Borreiro (IN408A 2019/63)**. Ao respecto da división artificial de proxectos conséntese a **STSJ GAL 5691/2020 - ECLI: ES: TSJGAL: 2020:5691 de data 09/11/2020 e a sentenza do TS, Sala Tercera, do Contencioso-administrativo de 24 de abril de 2.006** que sinala o carácter unitario dos parques eólicos. Téñase en conta que recentemente a **STS 586/2022 - ECLI:ES:TS:2022:586 do Tribunal Supremo. Sala de lo Contencioso do 9 de Febreiro de 2022** veu a ratificar en firme a sentenza 269/20, do 17 de novembro, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ó respecto da fragmentación de parques eólicos.
5. **Prodúcese unha superposición das poligonais dos PEs Borreiro, Pedra Longa, Cabanelas e Afrende**, incluíndose a totalidade dos aeroxeradores que compoñen o P.E. Pedra Longa (IN408A 2019/32) dentro da poligonal do P.E. Borreiro.

6. **Non se avalía correctamente a afección ó Patrimonio Cultural, véndose algúns elementos do mesmo gravemente prexudicados.** No Estudo de Impacto Cultural non se contempla a totalidade do patrimonio arqueolóxico potencialmente afectado, o patrimonio etnográfico e inmaterial non é tido en conta e non se avalía o impacto sobre os **Camiños de Santiago** que transcorren polas inmediacións do proxecto e pola mesma área poligonal (**Camiño da Geira e dos Arrieiros e Camiño Miñoto-Ribeiro**). Ademais, tras as modificacións do proxecto técnico, non se fixeron revisións no novo terreo afectado.
7. **A Liña Aérea de 30 KV para conectar coa Subestación Quireza, de 7.978 m,** transcorre ó longo de varios quilómetros polo hábitat das bestas de **“A Rapa das Bestas”**, onde tamén se localiza a **Subestación Quireza**, e polas **localizacións da “Baixa das bestas”**. En concreto, cruza até tres veces o percorrido que fan as bestas durante o seu traslado e atravesa o recinto de **“O Castelo”**, onde se xuntan as mesmas. En consecuencia, esta liña eléctrica aérea afecta gravemente ó Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia, circunstancia que non foi avaliada. A pertenza da Rapa das Bestas de Sabucedo ó Patrimonio Cultural Galego xustifícase en base á LEI 5/2016, de 4 de mayo, do Patrimonio Cultural de Galicia, Artigo 9.3. Téñase en conta a citada lei e ó respecto do impacto dos proxectos eólicos no patrimonio cultural o informe emitido polo Consello da Cultura Galega: **“Informe da Comisión Técnica Temporal sobre Enerxía Eólica e Paisaxes Culturais en Galicia”** <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4437>
8. **No Estudo de Impacto e Integración Paisaxística** os lugares seleccionados para o estudo visual son inadecuados en canto que se escollen moitos que por motivos orográficos teñen pouca ou nula conca visual ás infraestruturas e, nos que si se visualizan, a recreación do tamaño das infraestruturas nas infografía é moito menor que a real, téñase en conta que son aeroxeradores de 205 m. de altura. Polo tanto, o EIIP está sesgado e non é válido.
9. **Falla da preceptiva publicación do anuncio** de exposición a información pública do proxecto no **BOE** segundo o artigo 125 do RD 1955/2000.
10. **O estudo sobre o medio socioeconómico e o turismo (Anexo F do EIA) é pouco rigoroso** e meramente descritivo, recoñécense afeccións pero **óbviase** outras de gran relevancia como a do **Observatorio Astronómico de Forcarei**, dentro da poligonal e cunhas afectación por contaminación lumínica que impedirán o seu funcionamento.
11. **O desfase temporal entre a realización do proxecto e o EsIA (ano e 6 meses), converte a este último en inútil e a todo o estudo ambiental en un documento elaborado ad hoc.**
12. **Non se avalía a aceptación da poboación ó parque eólico**, que é amplamente rexeitado pola cidadanía dos concellos afectados e pola sociedade en xeral.
13. **Non se inclúe unha adecuada avaliación do recurso eólico.**
14. **Deficiencias no EIA ao respecto da avaliación de diversos efectos producidos polo proxecto:** efectos sobre a fauna, a flora e os recursos hídricos, efecto de **“parpadeo”**, efectos do ruído na fase de construción, efectos derivados dos procesos de restauración e desmantelamento, efectos ambientais sinérxicos e acumulativos, etc.
15. **Ausencia no presente trámite de información pública dos informes sectoriais sobre o P.E. Borreiro e falta de acceso ó expediente do P.E. Campo das Rosas**, que comparte infraestruturas necesarias para o funcionamento deste P.E., privando á cidadanía do coñecemento desta información imprescindible para a comprensión do impacto do P.E. Borreiro.

En virtude do anterior, **SOLICITA:**

O rexeitamento do Estudo de Impacto Ambiental e das solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do PE Borreiro e a súa liña de evacuación (IN408A 2019/63) polo que se pide a súa retirada definitiva por: infracción normativa, invalidez do documento ambiental e a súa tramitación (sesgo de información pública á cidadanía e outras AAPP), así como pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais, paisaxísticos e turísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licenza social.

OUTROSÍ DÍ: Que é preciso unha resposta razoada a estas alegacións de acordo a la Lei 39/2015, de 1 de outubro, do PACAP. A falta de resposta é motivo de nulidade da tramitación.

A Estrada, de de 2022

Asdo.-